



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 25 de marzo de 2015, á vista da avaliación achegada pola Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

### DEXMEDETOMIDINA

na indicación de sedación de pacientes adultos en unidades de críticos médicas e/ou cirúrxicas que requiran un nivel de sedación non máis profundo que espertarse en resposta á estimulación verbal (correspondente a un grao de 0 a -3 na Escala de Sedación e Axitación de Richmond (RASS)), condicionado á existencia dun protocolo de uso que recolla os *requisitos clínicos de indicación propostos polo Grupo de Sedación e Analxesia da SEMICYUC\**, e segundo as condicións de financiamento establecidas:

- Paciente previamente sedado con medicamentos GABAérgicos que desenvolve síndrome de abstinencia ao ir eliminando o sedante para iniciar a desconexión da ventilación mecánica.
- Paciente con sedación difícil cos sedantes habituais, por tolerancia, toxicidade ou fracaso terapéutico precoz que impida manter a un paciente en nivel de sedación RASS 0 a -3.
- Paciente no que repetidamente fracasan as probas de ventilación espontánea ao reducir os sedantes habituais por presentar descarga adrenérxica e axitación ou pánico, impedindo a retirada da ventilación mecánica.
- Paciente en sedación RASS 0 a -3 en proceso de desconexión da ventilación mecánica, no que os outros sedantes afectan ao centro respiratorio e impiden avanzar na desconexión.
- Paciente en ventilación mecánica que desenvolve delirio.

**Non existe evidencia do uso de dexmedetomidina para iniciar a sedación.**





**\*REQUISITOS CLÍNICOS PREVIOS Á INDICACIÓN DE DEXMEDETOMIDINA**

Considerarase paciente candidato a sedación con dexmedetomidina SOAMENTE se TODAS as cuestións seguintes son contestadas de forma negativa

- *¿Está indicado un nivel de sedación obxectivo máis profundo de RASS de -3?*
- *¿Presenta o paciente hipersensibilidade á dexmedetomidina o a algún dos excipientes?*
- *¿Presenta o paciente trastornos da conducción cardíaca do tipo de Bloqueo AV de 2º ou 3º grao sen levar un marcapasos funcionante?*
- *¿Presenta o paciente unha frecuencia cardíaca actual (basal ou por medicación concomitante) inferior a 55 lpm?*
- *¿Presenta o paciente unha hipotensión (PAS < 100 ou PAM < 60) que non responde a volumen nin a doses moderadas de aminas (noradrenalina < 0,5 mcg/kg/min)?*
- *¿Encóntrase o paciente baixo efecto (mesmo residual) de fármacos bloqueantes neuromusculares?*
- *¿Presenta o paciente actividade autonómica periférica alterada (coma por exemplo lesionados medulares)?*

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2015

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA



COMISIÓN DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

